

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego en relación coa negociación dun novo convenio colectivo polo Grupo Endesa, **doc. núm. 45399 (10/PNC 0003654)**.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar á constitución dunha mesa de diálogo entre a Xunta de Galicia, Concello de As Pontes, Endesa, persoas traballadoras, prexubiladas e xubiladas co obxectivo de obter garantías de que Endesa seguirá respectando o futuro das condicións sociais do colectivo de persoas e as súas familias, así como o compromiso de seguir aportando valor nunha comarca que tantos beneficios achegou á empresa.
2. Advertir a Endesa de que este tipo de actitudes antisociais son incompatibles coa pretensión de seguir explotando recursos públicos de Galicia.
3. Dirixirse ao Goberno de España para que derroque a Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.”





Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/02/2019 16:24:32

Luis Villares Naveira na data 19/02/2019 16:24:43



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para recuperar a área sanitaria de Valdeorras, dotala de recursos materiais e humanos suficientes e esclarecer a denuncia de falsificación de partes de garda (10/PNC-003497, doc. núm. 43629)

Emenda de adición

Débense engadir as seguintes letras na parte resolutiva da proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

c bis) Derrogar a reforma da *Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia* aprobada no ano 2018 para, entre outros cambios, modificar a actual distribución das áreas sanitarias.

c ter) Desenvolver, nun prazo de tres meses, un catálogo de servizos que se consideren básicos dentro do sistema sanitario público de Galicia, co fin de que permanezan implantados e en funcionamento dentro de todos os centros hospitalarios públicos de Galicia.

c quater) Dotar ao Hospital comarcal de Valdeorras dos recursos materiais e humanos necesarios para manter os citados servizos sanitarios básicos con persoal e capacidade asistencial en cada un deles, sen que a atención dependa fundamentalmente da presenza rotatoria de profesionais entre distintos hospitais.

c quintus) Asegurar o nivel asistencial do Hospital comarcal de Valdeorras, coa cobertura de todas as baixas e vacacións de todo o persoal que presta os seus servizos de maneira estable neste centro.”

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:35:52
Nº Rexistro: 46509
Data envío: 19/02/2019 16:35:52.853

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/02/2019 16:34:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/02/2019 16:34:47

CSV: REXISTRO-J7xTS3jIP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 42773 (10/PNC-003452)**, sobre a contención mecánica de persoas atendidas en institucións psiquiátricas e residenciais, que será debatida o 20 de febreiro de 2019.

EMENDA DE ENGÁDEA.

Débese engadir o seguinte punto:

“- Dotar ás Unidades de Saúde Mental do SERGAS, do persoal suficiente para desempeñar o traballo en condicións óptimas.”

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Eva Solla Fernández na data 19/02/2019 17:06:11

Luis Villares Naveira na data 19/02/2019 17:06:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **44894 (10/PNC-003609)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de especialista do sistema dixestivo e de médico rehabilitador vacantes no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, os investimentos e a dotación de persoal prevista para ese centro, así como a capacidade de xestión desa área sanitaria, que figura na orde do día da Comisión 5ª, prevista para o vindeiro 20 de febreiro de 2019.

Emenda de adición

Engadir no primeiro punto despois de dixestivo o seguinte: “cardioloxía”.

Emenda de adición

Engadir un novo punto que pasaría a ser o 1bis, co seguinte texto:

“Cubrir todas as ausencias que se produzan d@s profesionais (baixas, permisos, vacacións...)”

Emenda de substitución





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Substituír o terceiro punto polo seguinte texto:

“Recuperar a Área Sanitaria de Monforte con capacidade resolutiva, de decisión e orzamentaria.”

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2019 17:22:10

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2019 17:22:15



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Arias , ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002757 (33674)**, sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co Centro de Reforma de Menores Avelino Montero, de Pontevedra

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

- 1.- Que proceda, antes de que remate o ano 2019, a elaborar un plan de arranxo do centro e a executar as medidas do mesmo de cara ao seu saneamento integral.
- 2.- Que garanta o mantemento no centro dunha persoa especializada en Psicoloxía.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/02/2019 18:04:36

Marta Rodriguez Arias na data 19/02/2019 18:05:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

